

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E A FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓNS E GREMIOS DE XOIEIROS, PRATEIROS E RELOXEIROS PARA A REALIZACIÓN DE DIVERSAS ACTUACIÓNS DE REVITALIZACIÓN COMERCIAL E DE INCENTIVACIÓN DO CONSUMO

MEMORIA

Ao abeiro do establecido no artigo 4.f) da Resolución do 8 de abril de 1991 pola que se fai público o Acordo de Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre Convenios de Cooperación con outros entes públicos e de Colaboración con particulares (DOG de 30 de abril de 1991), expóñense os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa formalización dun convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Federación galega de asociacións e gremios de xoieiros, prateiros e reloxeiros, para a realización de diversas actuacións de revitalización comercial e de incentivación do consumo.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é o órgano encargado de exercer as competencias que, en materia de comercio interior, o artigo 30.I.4 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúe á nosa comunidade autónoma segundo o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 49/2024, de 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

O Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración establece que lle corresponde á Dirección Xeral de Comercio e Consumo a planificación, a coordinación e o control das competencias da consellería en materia de comercio interior. Concretamente, o programa 751A, que xestiona a Dirección Xeral de Comercio e Consumo, contempla entre os seus obxectivos, a renovación e promoción do sector comercial retalista, neste caso apoiando as actuacións desenvolvidas pola Federación galega de asociacións e gremios de xoieiros, prateiros e reloxeiros para acadar o nivel de competitividade desexable cara o mercado interior e que incida no seu maior desenvolvemento.

A situación do pequeno comercio polo miúdo no noso país, sendo un dos principais motores da nosa economía, incide de forma importante no desenvolvemento económico e social global, así como na mellora do estado de benestar e das condicións de vida de todos os cidadáns.

O comercio tradicional está sometido a un profundo proceso de cambio que esixe realizar un esforzo de renovación e adaptación continuo.

É importante que todas as administracións públicas colaboren coas entidades representativas do sector e contribúan con todos os recursos necesarios á mellora e desenvolvemento do sector comercial para acadar a súa plena concorrencia nun mercado cada vez máis difícil. Deste xeito, o comercio poderá afrontar os retos e superar os obstáculos que se lle presenten habitualmente e



que dificultan a súa continuidade, mantendo a súa posición como motores das economías locais e rexionais e do papel xerador de emprego de calidade no sector terciario.

Durante os últimos anos, as pequenas empresas comerciais de proximidade estanse enfrontando a unha serie de desafíos que ameazan a súa concorrencia. Os cambios nos hábitos das persoas consumidoras, impulsados polo auxe do comercio en liña e a preferencia por experiencias de compra máis rápidas e a necesaria adaptación ás novas tecnoloxías e estratexias de mercadotecnia requiren medidas de apoio, tanto a nivel governamental como comunitario, para garantir a súa supervivencia a longo prazo.

Actualmente, os comercios afrontan ademais outro grave problema derivado da crise internacional co aumento dos prezos dos combustibles que lles afecta indirectamente polos problemas de abastecemento de mercadorías, o que provoca unha escaseza no noso pequeno comercio, así como un incremento do custo das mercadorías a venda.

Por isto, é preciso manter unha serie de medidas para asesorar, informar, formar e impulsar a dixitalización e reforzar a dinamización e cualificación do sector para evitar unha perda de concorrencia. Nas crises que se veñen repetindo manifestase como a dixitalización e o uso das novas tecnoloxías se configuran como ferramentas de utilidade para manter a actividade do comercio, polo que resulta preciso a posta en marcha de mecanismos de xestión integral que permitan combinar a venda física coa venda en liña e a distancia.

Ademais, a suspensión ou limitación para exercer con normalidade as actividades económicas durante as crises que se veñen encadeando esixen a programación desas liñas de dinamización e cualificación que incentiven a demanda e procuren a visualización do comercio de proximidade dos mercados e prazas de abastos e que potencie a súa actividade.

No orzamento de gastos para o exercicio 2025 inclúese a aplicación 14.06.751A.781.1 "Asociacionismo comercial e servizos para pemes comerciais" coa fonte de financiamento de fondos propios libres (1010) e proxecto de investimento número 2015.00254 "Modernización, emprendemento e innovación do comercio e das pemes comerciais". De conformidade co disposto nos artigos 19.4 e 26 da Lei de 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, trátase dunha subvención de concesión directa que se instrumenta a través deste convenio de colaboración.

Os gastos das campañas obxecto deste convenio son gastos de investimento de carácter inmaterial, que se ben se van realizar neste exercicio, son susceptibles de producir efectos en exercicios futuros, de xeito que a promoción e a publicidade que se faga nun exercicio vai repercutir nas actuacións que se repitan no exercicio seguinte. Neste sentido pódense considerar investimentos a futuro, o que redundaría nun beneficio económico a longo prazo para a comunidade autónoma e para o sector do comercio galego.

A Federación galega de asociacións e gremios de xoieiros, prateiros e reloxeiros, no sucesivo, a federación, ten como obxecto fundamental representar, coordinar e defender os intereses do



sector da xoiaría, prataría e reloxaría en Galicia, entre os que destaca a competitividade das empresa do sector comercial.

Os establecementos de comercio retalista de xoiaría en Galicia teñen en común a reducida dimensión e capacidade económica, a dispersión xeográfica, a diversidade de produtos (reloxaría, prataría, ourivaría, etc. de diversas marcas) e un amplo abano de público. Isto constitúe unha dificultade á hora de acometer accións de promoción ou de vendas de forma conxunta, xa que estas deben ir dirixidas a todo tipo de consumidores e dar resposta ás necesidades de todo tipo de establecementos (urbanos ou rurais), mediante unha promoción xenérica da xoiaría, sen distinción de marcas.

A dinamización do pequeno comercio de xoiaría tamén leva consigo o impulso da actividade industrial do sector, contribuíndo así a preservar un gremio que destaca pola súa creatividade e proxección da cultura e imaxe de Galicia.

As actuacións da federación durante o ano 2025 teñen como principais obxectivos os de promover ás xoiarías galegas, facéndoa máis visibles fronte a outras alternativas de consumo a través das grandes plataformas físicas e online, incrementar a competitividade do sector e a economía local, dinamizar o comercio de xoiaría e, en especial, a ourivería artesanal, símbolo de Galicia e da súa cultura, axudar ao comercio para adaptarse ás novas tendencias e dar publicidade a imaxe da xoiaría en datas clave para o consumo ao longo do ano.

Por isto, considérase que as súas actuacións enmárcanse no interese xeral e de acordo co disposto no artigo 26.2 a) da Lei de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrència competitiva porque as actuacións obxecto deste convenio realizáranse pola federación que é a única que pode alcanzar a toda a Comunidade Autónoma no sector da xoiaría, pratería e reloxaría e desenvolver as actividades de fomento deseñadas e executadas singularmente por ela mesma.

En consecuencia, considérase que existen razóns de interese público, social e económico que xustifican, conforme ao artigo 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, a colaboración da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no financiamento deste convenio.

Por todo o anteriormente exposto, propónse a celebración dun convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Federación galega de asociacións e gremios de xoieiros, prateiros e reloxeiros para a realización de diversas actuacións de revitalización comercial e de incentivación do consumo, cun orzamento total de 55.246,26 € IVE engadido.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración achegará ao citado convenio a cantidade de 40.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 14.06.751A.781.1 "Asociacionismo comercial e servizos para pemes comerciais" do orzamento de gastos da consellería para o ano 2025.





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN

O convenio de colaboración entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2025. Así mesmo, quedan incluídas as accións desenvolvidas dende o 1 de xaneiro sempre que se correspondan co obxecto deste convenio.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
O director xeral de Comercio e Consumo
Gabriel Alén Castro

DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO E CONSUMO
Edificio administrativo de San Lázaro s/n
15781 – Santiago de Compostela
A Coruña

